

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 3 prazas de monitor/a cultural (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

ANUNCIO

Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeamento do tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de tres (3) prazas de funcionario de carreira no posto de Monitor Cultural incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2022/E001/000042 – MONITOR CULTURAL

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 1872/2023, do 14/07/2023, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de tres (3) prazas de funcionario de carreira no posto de Monitor Cultural incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo. Publicouse anuncio da aprobación da mesma no BOP de A Coruña núm. 138 do 20/07/2023. Establecéndose un prazo de presentación de emendas de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da resolución no BOP. Dito prazo de presentación de emendas rematou o 04/08/2023.

Rematado o prazo de presentación de emendas, por Resolución da Alcaldía núm. 3446/2023, do 11/12/2023, aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeouse ao tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de tres (3) prazas de funcionario de carreira no posto de Monitor Cultural incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Resolvéndose o seguinte:

« Rematado o prazo regulamentario para a presentación de emendas á listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, de conformidade co establecido na Base Cuarta (*Admisión de aspirantes*) e na base Quinta (*Tribunais Cualificadores*) da convocatoria, e de conformidade co artigo 21.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de tres (3) prazas de funcionario de carreira no posto de **Monitor Cultural** (Grupo C, Subgrupo C2; Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Clase Cometidos Especiais) incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión	CELGA
1	ABELENDIA PARDIÑAS	YOLANDA	***9739**	-	SI
2	AROCA GONZALEZ	AURORA	***1663**	-	SI
3	CORRAL RODRIGUEZ	LIDIA	***1612**	-	SI
4	MÁRQUEZ ANTELO	XIANA	***3118**	-	SI
5	MARTINEZ VEIRA	MARIA JOSE	***1481**	-	SI
6	VÁZQUEZ VILLAR	DOLORES	***3719**	-	SI

Excluídos/as:

Non hai excluídos.

Segundo.- Determinar a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Quinta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: **D. Vitor Recarei Añón**
Administrativo do Concello de Carballo.

Suplente: **D. Alejandro Cousillas González**
Administrativo do Concello de Carballo.

Vogal 1:

Titular: **D^a. María del Carmen Castro Pombo**
Animadora Cultural – Xefa do Servizo de Cultura do Concello de Carballo.

Suplente: **D^a. Ana María Barba Pazo**
Xestora Cultural do Concello de As Pontes de García Rodríguez.

Vogal 2:

Titular: **D^a. María Nieves Lema Vilariño**
Técnica de Cultura do Concello de Vimianzo.

Suplente: **D^a. Rita Díaz González**
Xestora Cultural do Concello de Valdoviño.

Vogal 3:

Titular: **D^a. María Dolores Santos Maneiro**
Técnica de Cultura e Educación do Concello de Muros.

Suplente: **D^a. Susana Bellas Bermúdez**
Xestora Cultural do Concello de As Pontes de García Rodríguez.

Secretario:

Titular: **D. Juan Antonio Rey Rivas**
Tesoureiro do Concello de Carballo.

Suplente: **D. Miguel Piñeiro Souto**
Secretario Xeral do Concello de Carballo.

Terceiro.- Segundo ao indicado na Base Quinta da convocatoria, a abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Cuarto.- Convocar a todos os membros do tribunal para a **sesión constitutiva e de baremación de méritos da fase de concurso** que terá lugar **o luns 18 de decembro do 2023 ás 10.30 horas** no Pazo da Cultura do Concello de Carballo (Rúa do Pan, s/n, Carballo).

Quinto.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal) e na páxina web municipal (www.carballo.gal).

En Carballo, 11 de decembro de 2023

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2023/9752